



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE CARRAL PARA A REURBANIZACIÓN DAS RÚAS UXÍO NOVONEYRA, PINGUELA E CORTADURÍA NO NÚCLEO URBANO DE CARRAL.

Santiago de Compostela, a 11 de abril de 2016

R E U N I D O S

Dunha parte, a Sra. D^a. _____, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 122/2015, do 4 de outubro, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Pola outra parte, don _____, Alcalde-Presidente do Concello de Carral, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

E X P O Ñ E N

I.- O Concello de Carral (A Coruña) trata de promover unha actuación consistente na “**reurbanización das rúas Uxío Novoneyra, Pinguela e Cortaduría**”, situadas no núcleo urbano de Carral

Constitúe o obxecto da actuación a reurbanización das rúas Uxío Novoneyra, Pinguela e Cortaduría no Concello de Carral.

Preténdese desenvolver unha actuación que abarca o soterramento das instalacións aéreas, mellorando a distribución de contedores de recollida de lixo, reorganizando o tráfico da zona e creando en consecuencia un urbanismo máis moderno, coidado e sostible de desemboque nunha rexeneración da zona tanto en termos de infraestruturas e comunicación como económicos da actividade que se poida xerar. Nas ditas rúas hai bastantes baixos e locais comerciais sen ocupar e mediante esta actuación preténdese impulsar a área para un crecemento comercial.

II.- Actuacións a desenvolver:

- Mellora da rede de saneamento e auga potable.
- Canalizacións de rede de información. Infraestrutura municipal para o cableado de datos, redes wifi, semaforicas, etc.
- Contedores de recollida selectiva de residuos.
- Accesibilidade. Eliminación das barreiras arquitectónicas existentes coa implantación de plataforma única de pavimentación. Ampliación e execución de sendas peonís e/ou beirarrúas.



XUNTA DE GALICIA

- Iluminación. Modernización dos sistemas de iluminación urbana, por substitución e nova localización da existente, minimizando a contaminación lumínica e reducindo o consumo enerxético.
- Dotación de aparcadoiros para bicicletas.
- Axardinamento e recuperación ambiental.

O desenvolvemento das actuacións conlevará as seguintes execucións:

- Dotar á Rúa Uxío Novoneyra dun so carril de circulación con aparcadoiro unicamente por un lado, distribuíndo o espazo sobrannte en dúas beirarrúas de igual dimensión. A pavimentación da capa de rodadura será un formigón armado o mesmo que na zona de aparcadoiros mentres que o resto dos pavimentos serán lousas de formigón prefabricado con tonalidades pastel que se colocarán de forma irregular creando unha superficie moi estética e cun custo axustado. Completarase a actuación con pasos de peóns, rebaixes para os vados, mobiliario urbano, bordes, bolaridos, etc. Recolocaranse as luminarias existentes que estean en bo estado.

- Respecto á Rúa Cortaduría e Pinguela trátase de vías dun único sentido con tres prazas de aparcadoiro en Cortaduría. Será unha zona de paso de vehículos pero máis peonil cun pavimento á mesma cota formado por adoquín de formigón na capa de rodadura, canaletas de recollida, canalización de pluviais a ambos lados e as mesmas lousas de formigón que na Rúa Uxío Novoneyra. Tamén levará mobiliario e demais instalacións como no punto anterior.

- Por último, no espazo de paso entre a propia Rúa Cortaduría e a Praza Curro do Corno considerase zona exclusiva de paso de vehículos para residentes de xeito que a dita zona será peonil e cun tránsito máis restrinxido. De esta maneira, a pavimentación será enteiramente das lousas de formigón con unha canaleta central de recollida de pluviais.

En xeral, do que se trata é de organizar o tráfico ampliando as zonas de estancia e pasos peonís e que fai un fío condutor en toda a actuación que serán os pavimentos que se irán axustando ás diferentes circunstancias de cada rúa, pero mantendo a mesma estética.

III.- Nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2016 figura consignación orzamentaria adecuada para acomete-la actuación. Competencia que está contemplada no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería *“A realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial”*.

IV.- Polo exposto, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, no exercicio das súas competencias, e o Concello de Carral, no exercicio das que lle atribúe a súa lexislación específica, manifestan a súa vontade de formalizar unha colaboración, para abordar a execución das obras citadas, a través dun Convenio que se estrutura nas seguintes



XUNTA DE GALICIA

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Carral que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“reurbanización das rúas Uxío Novoneyra, Pinguela e Cortaduría”**.

SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Carral comprométese a:

- 1.- Poñer a disposición da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular das mesmas.
- 2.- Levar a cabo as actuacións consistentes na redacción dos documentos técnicos que definan as obras a executar. Prestarlle a aprobación aos indicados documentos nun prazo máximo de 15 días, contados dende a data de requirimento, así como á remisión de todos aqueles informes que resulten precisos para a licitación e contratación das obras. Noutro caso, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos no presente Acordo, sen mais trámites que a comunicación ao concello.
- 3.- Asumir, unha vez realizadas as obras, e logo da comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a explotación e conservación das mesmas.
- 4.- Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar ao órgano de contratación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, os compromisos a que fan referencia os apartados 1, 2 e 3 anteriores.
- 5.- O concello, como trámite previo á licitación das obras, aportará a oportuna certificación xustificativa da dispoñibilidade dos terreos, nos termos do apartado 1 precedente.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, asume os seguintes compromisos:



XUNTA DE GALICIA

1.- Financia-la execución das obras segundo as prescricións do proxecto, destinando para isto, a cargo á aplicación 07.02.521A 607.1, ata catrocentos setenta e un mil oitocentos cincuenta e sete euros con sesenta e seis céntimos (471.857,66 €) distribuídos na seguintes anualidades:

- 2016	235.928,83
- 2017	235.928,83

2.- Levar a cabo, as actuacións consistentes na contratación da execución e dirección das obras, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización conforme aos proxectos aprobados e formalizar os actos de Recepción de conformidade co estipulado no artigo 235 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de proxectos modificados, complementarios, revisións de prezos e proxectos de liquidación ata que as construcións merezan a plena conformidade da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello de Carral para a súa incorporación ao servizo e uso público.

3.- Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, esta poñerá en coñecemento do concello de Carral, entendéndose que tal comunicación determina o nacemento da obriga asumida polo concello na cláusula segunda 3) precedente, sen prexuízo da posterior formalización da correspondente acta de entrega.

CUARTA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Para o impulso e seguimento das accións establecidas no presente convenio, créase unha Comisión, integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes do presente acordo. Formarán parte pola consellería, a persoa titular da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ou persoa en quen delegue, e a persoa titular do Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos; o concello estará representado polo Alcalde ou persoa en quen delegue e o concelleiro responsable de obras e/ou infraestruturas.

SEXTA.- INTERPRETACIÓN E NATUREZA

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, poñendo así fin á vía administrativa.



XUNTA DE GALICIA

2.- O presente convenio ten natureza administrativa e tramítase ao abeiro do Decreto 246/1992 do 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público. A xurisdición contencioso-administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións, aplicándose os principios do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, para resolver as dúbidas e lagoas que poidan presentarse (artigo 4.2).

SEPTIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do convenio:

- a)** O cumprimento do seu obxecto
- b)** O incumprimento de calquera das cláusulas.
- c)** A inviabilidade da realización das actuacións descritas no mesmo por causas non imputables ás partes.
- d)** O incumprimento de carácter temporal ou parcial de calquera das cláusulas do mesmo. Entenderase por incumprimento parcial, aquel que implique en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto o desenvolvemento das actuacións previstas.
- e)** A denuncia, por calquera das partes, por razóns de interese público.

OITAVA.- VIXENCIA

A vixencia do presente Convenio esténdese ata o 31 de decembro de 2017. Non obstante manterase ata a entrega das obras ao concello de Carral nos termos establecidos na cláusula terceira. Así mesmo, seguirá producindo efectos en tanto non se liquiden as obrigas que puideran quedar pendentes.

E en proba de conformidade asinan o presente documento por triplicado exemplar no lugar e data do encabezamento.

POLA XUNTA DE GALICIA

A Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación
do Territorio

POLO CONCELLO DE CARRAL

O Alcalde